

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

**CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN,
CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO
ALUMNADO E GRAO MÍNIMO PARA
SUPERAR A MATERIA.**

**IES A POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO 2020/2021**

5.5. Criterios de corrección dos departamentos de Lingua galega e castelá. (TIL)

En todos os niveis estableceranse uns criterios de corrección común aos departamentos de Lingua galega e castelá, de acordo cos seguinte parámetros, reservándose unha parte da nota para valorar aspectos como: a adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado...), coherencia (aporte da información precisa, estrutura clara e parágrafos ben estruturados), cohesión (uso axeitado da puntuación, das conxuncións e enlaces, pronomes anafóricos...), corrección gramatical (ortografía, sintáctica e léxica) e variación (complexidade sintáctica, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos). Isto ten como fin que o alumnado tome conciencia da importancia da corrección lingüística tanto oral coma escrita.

A continuación concretamos e especificamos as normas básicas e as distintas penalizacións segundo os niveis.

De aí que **sobre a cualificación xeral en cada curso ou nivel** se poderá descontar ata un máximo de **1 punto** en 1º ESO, e 2º ESO sen faltas reiteradas, e en 3º ESO teranse en conta as **faltas reiteradas** – ou **2 puntos** en 4º ESO, 1º Bacharelato e 2º Bacharelato, onde se terán en conta as faltas, sempre tendo en conta o nivel do alumnado e as destrezas.

Os criterios de corrección –acordo do TIL– son os seguintes:

CRITERIOS DE CORRECCIÓN		DESCONTOS	
Non coida a presentación	Ausencia de marxes, borranchos, nome e apelidos incorrecta e informalmente escritos.	0,2	
Caligrafía case ilexible		0,2	
Desvios da norma	Moi graves	Aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, castelanismos, mal colocación de pronomes...)	0,2
	Graves	Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b, v,...h, y...) acentuación diacrítica.	0,1
	Leves	Solucións gramaticais alleas ao establecido pola norma como acentuación non diacrítica	0,05

Ao longo das actividades, traballos ou probas que se fagan en cada unidade didáctica ou bloque, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información detallada sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a.

A información recollerase en fichas individuais de observación, empregando escalas cuantitativas ou cualitativas segundo proceda.

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado, facendo especial fincapé nos matices propios da área de Lingua Galega e Literatura.

5.6. Procedementos e criterios de cualificación por curso.

1º ESO

A nota final da avaliación sería o resultado das seguintes porcentaxes:

- A. **60% Probas escritas, traballo e actitude.** Realizaranse como mínimo dous exames por avaliación. Estas probas avaliarán a destreza do alumnado no uso da lingua escrita naqueles aspectos impartidos na aula entre os que podemos citar, como exemplo: utilización dun rexistro formal; precisión léxica; cohesión e coherencia textual; corrección morfosintáctica e ortográfica; elementos de comprensión lectora; capacidade de análise e síntese; capacidade de xerar esquemas, resumos, mapas mentais, etc. A participación activa, o traballo diario, a puntual realización dos exercicios recomendados e a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua, avaliábelas pola observación directa do docente, ou por rexistros ou rúbricas de observación estarán incluídas neste apartado.
- B. **30% de traballos específicos por proxectos tanto orais coma escritos.** Neste apartado avaliarase tanto a expresión oral diaria coma escrita, tanto na realización/corrección de exercicios realizados como nas distintas actividades propostas dirixidas á práctica oral e/ou escrita na aula (debates, narracións, argumentacións...) e nas probas específicas de lingua oral e de lingua escrita, así como tamén, de ser o caso, na avaliación oral e/ou escrita da lectura obrigatoria de opción.
- C. **10% lectura.** Lerase un libro obrigatorio por trimestre. Este poderá ser cualificado cuantitativamente mediante unha proba oral, escrita ou outro tipo de traballos sobre a lectura.

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes instrumentos, a nota de 5 sobre 10.

Á hora de elaborar proxectos e traballos non se recollerán tarefas fóra de prazo e, polo tanto, non serán avaliadas.

A avaliación nesta materia será **acumulativa**. A avaliación final será o resultado da ponderación das tres avaliacións trimestrais quedando así: 1ª avaliación: 30%, 2ª avaliación: 30% e 3ª avaliación: 40%.

A **nota final de curso** terá como referente único o logro (ou non consecución) dos obxectivos programados e dos logros das competencias. Cando as tres avaliacións fosen avaliadas positivamente, a cualificación final do curso será o resultado de realizar a ponderación sinalada antes. Sempre se valorará positivamente as melloras e o progreso do alumnado ao longo do curso, e terase en conta (actitude, hábito de traballo, competencias, respecto ...)

Na **convocatoria de setembro** realizarase unha proba extraordinaria que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

1.7. Lectura.

1ª Avaliación (narrativa): *Be water de Antía Yáñez. Ed. Cuarto de inverno.*

2ª Avaliación (poesía): *A pel do mundo de Berta Dávila*

3ª Avaliación: (teatro): *O achado do Castro de Manuel Núñez Singala.*

No resto das avaliacións determinarase ao longo do curso tendo en conta as novidades editoriais e a posibilidade de visita de autores/as.

- A. **Probas obxectivas (escritas e traballos).** Realizaranse, como mínimo, dous exames por avaliación sobre a materia obxecto de estudo. Estas probas poderán incluír aspectos teóricos e prácticos relativos aos contidos traballados en cada avaliación. Relacionados cos estándares dos bloques de contidos. Tanto nas repostas teóricas, se é o caso, como na práctica (comentario de textos, preguntas sobre comprensión lectora, estrutura e elaboración persoal de diferente tipoloxía...) será valorada a corrección morfosintáctica, ortográfica, a utilización dun rexistro formal, precisión léxica, cohesión e coherencia textual, capacidade de análise e síntese, capacidade de xerar esquemas, resumos etc. Os contidos progresivos esixen que a materia sexa acumulativa, de xeito que as destrezas e saberes abordados durante o curso “non caducan”. Esta parte terá un valor dun **60%**
- B. **Expresión oral.** Avaliarase a expresión oral das probas específicas, das intervencións diarias na aula. Isto suporá o **20%**.
- C. **A participación activa, o traballo diario,** a puntual realización dos exercicios encomendados e a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua, avaliábles pola observación directa do docente, ou por rexistros de observación suporán o **10% da nota global de cada avaliación.**
- D. **Lectura.** Lerase un libro obrigatorio por trimestre o que contará o **10%** da materia. Esa letura poderá ser avaliada ben oralmente, ben por escrito ou outro tipo de traballo. O incumprimento ou a non realización moi deficiente nun trimestre fará que se duplique ese valor no seguinte se tampouco se supera a súa avaliación, pondéndoselle esixir ao alumnado as lecturas non superadas.

A **nota final de cada avaliación** será a suma dos apartados A, B, C e D e nela poñeráselle ao alumnado unha nota numérica que irá do 1 ao 10. Non se considerará aprobada a materia cando un alumno/a obteña unha cualificación positiva, incluso a máxima, no conxunto das probas englobadas no 60% e teña unha cualificación de 0 ou 1 nos aspectos abarcados no 20% ou 10% restante da nota. Enténdese que o conxunto das destrezas e competencias que deben adquirir é a suma desas partes até atinxir o 100% e, por tanto, deben traballar todos os campos. Por este motivo, o alumnado deberá ter unha valoración mínima –un terzo– nos diferentes apartados sinalados antes para facer a media.

Para obter o aprobado o alumnado deberá acadar, unha vez aplicados estes instrumentos, a nota de 5 sobre 10.

Á hora de elaborar proxectos e traballos non se recollerán tarefas fóra de prazo e, polo tanto, non serán avaliadas.

O alumnado deberá axustarse ás datas prevista das probas obrigatorias, e ás pautas establecidas ao comezo do curso, e no caso de non asistir deberá presentar xustificante formal.

A avaliación nesta materia será **acumulativa**. A avaliación final será o resultado da ponderación das tres avaliacións trimestrais quedando así: 1ª avaliación: 30%, 2ª avaliación: 30% e 3ª avaliación: 40%.

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** realizarase unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

2.6. Lectura.

1ª Avaliación (narrativa): *Unha estrela no vento* de Leticia Costas. Ed. Xerais.

2ª Avaliación (poesía): *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro

3ª Avaliación (teatro): *Atranco no banco* de Manuel Núñez Singala.

No resto das avaliacións determinarase ao longo do curso tendo en conta as novidades editoriais e a posibilidade de visita de autores/as.

- A. **Probas escritas, orais e traballos de grupo ou individuais.** Faranse como mínimo dúas probas obxectivas por cada avaliación. Servirán para avaliar o nivel real de adquisición dos contidos de cada unidade didáctica. Os contidos son progresivos esixen que a materia sexa acumulativa, de xeito que as destrezas e saberes abordados non “caducan”. Lembremos sempre que nesta parte se poderá restar ata un máximo de 2 puntos por criterios de corrección. A puntuación obtida nestas probas, facendo media entre elas, supoñerá o **70% do total**.
- B. **Expresión oral.** Avaliarase a expresión oral das probas específicas, das intervencións diarias na aula. Isto suporá o **20%**.
- C. **Lectura.** Lerase un libro obrigatorio por trimestre e que contará o **10%** da materia. Esa lectura poderá ser avaliada ben oralmente, ben por escrito, ou outro tipo de traballo, atendendo ás necesidades e prioridades que existan dentro da dinámica de cada grupo, ou ben de cada alumno/a en concreto. Tamén se propoñerá unha listaxe de lecturas voluntarias por avaliación. Por cada lectura outorgarase un 0,5 ata un máximo de 1 punto –dúas lecturas–. O incumprimento ou a non realización moi deficiente nun trimestre fará que se duplique ese valor no seguinte se tampouco se supera a súa avaliación, pondéndoselle esixir ao alumnado as lecturas non superadas.

A **nota final de cada avaliación** será a suma dos apartados A, B, C e D e nela poñeráselle ao alumnado unha nota numérica que irá do 1 ao 10.

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes instrumentos, a nota de 5 sobre 10.

Á hora de elaborar proxectos e traballos non se recollerán tarefas fóra de prazo e, polo tanto, non serán avaliadas. O alumnado tamén deberá axustarse ás datas prevista das probas obrigatorias, e ás pautas establecidas ao comezo do curso, e no caso de non asistir deberá presentar xustificante formal.

A avaliación nesta materia será **acumulativa**. A avaliación final será o resultado da **media aritmética** das tres avaliacións.

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos traballados ao longo do curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

LECTURAS:

1º Avaliación (narrativa): *Corazón de Xúpiter* de Leticia Costas. Ed. Xerais

2ª Avaliación (teatro): *Comedia Bífida* de Manuel Núñez Singala.

3ª Avaliación: *Xa non estou aquí* de Iria Misa.

No resto das avaliacións determinaranse ao longo do curso tendo en conta as novidades editoriais e as posibilidades de visita de autores/as.

- A. **Aprendizaxe da competencia oral e escrita mediante probas obxectivas.** Realizaremos tantas como sexan necesarias –aproximadamente 3– por avaliación en cada unha das materias que engloba o ámbito. Estas farán media tendo que haber unha nota mínima de 4 para facela. Lembremos que o aprobado está nun 5, e que se poderá restar ata un máximo de 1 punto por criterios de corrección. A puntuación obtida nestas probas, facendo media aritmética entre elas, suporá o **60% do total**.
- B. **Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa.** Avaliarase as intervencións diarias na aula, o nivel de progreso con axuda e sen axuda, potenciando a competencia de aprender a aprender, o caderno de traballo, e actitude, e a expresión oral. Isto suporá o **30%**.
- C. **Lectura:** O alumnado deberá ler dous libros por trimestre obrigatorios (un en galego e outro en castelán) e de maneira individual que será **valorado cun 10%**. A maiores tamén faremos lecturas colectivas na biblioteca, e traballos realizados coa literatura e taller literario tanto en galego coma en castelán, así como lecturas relacionadas coa xeografía e historia, sobre todo galega.

A cualificación trimestral corresponderá á suma das notas dos apartados anteriores en cada una das materias que engloba o Ámbito. A media global do ámbito lingüístico social será unha media aritmética destas tres materias; isto non implica ter que aprobar –si ter un mínimo (4)– cada unha delas para facer a media: a nota dunha materia pode verse compensada con outra á hora de facer a media, mais será de especial importancia a cualificación en contidos referidos ao estudo da lingua (galega e castelá) por ser contidos instrumentais.

Para obter o aprobado o alumnado deberá acadar, unha vez aplicados todos os instrumentos a nota de 5 sobre 10.

Á hora de elaborar proxectos e traballos non se recollerán tarefas fóra de prazo e, polo tanto, non serán avaliadas. O alumnado tamén deberá axustarse ás datas prevista das probas obrigatorias, e ás pautas establecidas ao comezo do curso, e no caso de non asistir deberá presentar xustificante formal.

A avaliación nesta materia será **acumulativa**. A avaliación final será o resultado da **ponderación** das tres avaliacións trimestrais quedando así: 1ª avaliación: 30%, 2ª avaliación: 30% e 3ª avaliación: 40%.

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** realizarase unicamente unha proba escrita que englobe todo o ámbito social e lingüístico, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos traballados ao longo do curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN		
Aprendizaxe da competencia oral e escrita mediante probas obxectivas orais ou escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendizaxe e melloras na lingua oral. • Aprendizaxe de lingua e aplicación en textos escritos. • Aprendizaxe de novos contidos. • Exposicións orais e traballos escritos e orais. 	60 %
Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa.	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude na aula: interese, atención mantida, esforzo, participación, realización de tarefas. • Respecto polas normas (profesor/a, compañeiros, materiais, puntualidade, faltas de asistencia). • Valoración de actividades: exercicios, apuntes, resumos, esquemas, comentarios de textos, realización de traballos. • Nivel de progreso, con ou sen axuda. • Traballo na casa: realización de tarefas, estudo e limpeza dos cadernos. 	30 %
Lecturas obrigatorias	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun libro obrigatorio por trimestre de cada lingua. • Lecturas na clase guiadas e sós. 	10 %

LECTURAS

Lerase un libro obrigatorio por trimestre de maneira individual de cada lingua. Este será escollido da seguinte lista de lecturas recomendadas. Esta lista é aberta, puidendo ampliarse ao longo do curso coas novidades, ou verse modificada segundo os gustos do alumnado. A maiores tamén se lerán obras de maneira colectiva de diferentes xéneros literarios. A razón disto está en que para este alumnado tanto a poesía coma o teatro sempre estará mellor traballado dunha maneira guiada.

LECTURAS RECOMENDADAS

a) Lingua galega:

- *Diario vermello de Carlota* de Gemma Lienas. Ed. Galaxia.
- *Xa non estou aquí* de Iria Misa. Ed. Xerais.
- *Europa Express*. María Maceiras. Ed. Xerais.
- *Mitos gregos* de Maria Angelidou. Ed. Vicens Vives.
- *Mecanoscrito da segunda orixe*. Manuel de Pedrolo. Ed. Galaxia.
- *Corredores de sombras*. Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais.
- *Aire negro*. Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais
- *A cabeza da medusa* de Marilar Alexandre. Ed. Xerais
- *Os vellos non deben de namorarse*. A. Daniel Rodríguez Castelao.

- O corazón de Xúpiter de Leticia Costas. Ed. Xerais.
- *Unha estrela no vento* de Leticia Costas. Ed. Xerais.
- *Ruído nunha noite de verán* de María Inés Falconi. Ed. Sushi
- *Makinaria* de Carlos Negro. Ed. Xerais.
- *Engurras* de Paco Roca. Ed. El Patito editorial.
- *Atraco no banco* de Manuel Núñez Singala. Ed. Galaxia (Teatro)

b) Lingua castelá:

- *Las lágrimas de Shiva* de César Mallorquí. Ed. Edebé.
- *Huye sin mirar atrás* de Luís Leante. Ed. Edebé. 2016
- *Rebeldes*, Susan F. Hilton. Ed. Alfaguara.
- *EL niño de pijama de rayas*. Jhon Boyne.
- *Caperucita en Manhattan* de Carmen Martín Gaité.
- *Los escarabajos vuelan al atardecer*. María Gripe.
- *La historia interminable*. Michael Ende. Alfaguara Juvenil.
- *La sima del diablo* de Heinz Delam. Ed. Alfaguara
- *Eleanor & Park* de Rainbow Rowell. Ed. Alfaguara
- *Mentira* de Care Santos. Ed. Edebé
- *Verdad* de Care Santos. Ed. Edebé.
- *Encuentros con fantasmas* de Lola Suárez. Ed. Anaya
- *El largo regreso* de Jordi Sierra i Fabra. Ed. Anaya
- *Bajarse al moro* de José Luís Alonso Santos. Ed. Anaya (Teatro)
- *La caja de música* de Alfonso Zurro. Ed. Anaya (Teatro)

- A. **Probas escritas, orais e traballos de grupo ou individuais.** Faranse como mínimo dúas probas obxectivas por cada avaliación. Servirán para avaliar o nivel real de adquisición dos contidos de cada unidade didáctica. Os contidos son progresivos e requiren que a materia sexa acumulativa, de xeito que as destrezas e saberes abordados non “caducan”. Lembremos sempre que nesta parte se poderá restar ata un máximo de 2 puntos por criterios de corrección. A puntuación obtida nestas probas, facendo media entre elas, supoñerá o **70% do total**.
- B. **Rexistro do dominio oral, traballo persoal que inclúe tarefas, redaccións e actitude.** As fichas de observación, a revisión dos cadernos de traballo diario, a participación na aula, as notas positivas e negativas relacionadas coa elaboración das tarefas da aula e na casa, o uso do galego como lingua vehicular nas clases, realización de redaccións, etc, servirán para rexistrar actitudes positivas ou negativas de cara á materia. As tarefas de investigación e creación feitas individuais ou grupais teñen a mesma función ca as probas anteriores, coa engádegas de favorecer a interrelación e responsabilidade que acarrea toda tarefa desenvolvida en equipo. Este apartado ten un valor do **20% da puntuación total**.
- C. **Lectura.** Lerase un libro obrigatorio por trimestre e que contará o **10%** da materia. Esa lectura poderá ser avaliada ben oralmente, ben por escrito, atendendo ás necesidades e prioridades que existan dentro da dinámica de cada grupo, ou ben de cada alumno/a en concreto.

Para obter o aprobado o alumno en cada avaliación deberá acadar, unha vez aplicados estes instrumentos, a nota de 5 sobre 10.

Á hora de elaborar proxectos e traballos non se recollerán tarefas fóra de prazo e, polo tanto, non serán avaliadas. O alumnado tamén deberá axustarse ás datas previstas das probas obrigatorias, e ás pautas establecidas ao comezo do curso, e no caso de non asistir deberá presentar xustificante formal.

A avaliación será **acumulativa**, e a avaliación final será o resultado da **media aritmética** das tres avaliacións trimestrais.

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos traballados ao longo do curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

LECTURAS:

1ª Avaliación (narrativa): Escoller entre:

- *Memorias dun neno labrego* de **X. Neira Vilas**
- *Os nenos da varíola* de **María Solar** *Teñen este libro mesmo libro en xeografía e historia

2ª Avaliación (poesía): *Selección poética elaborada pola profesora e obradoiro de creación poética para alumnado (caligramas, recitais....)* Poetízate de **Fran Alonso**.

3ª Avaliación (teatro): *Os vellos non deben de namorarse* de **A. D. R. Castelao**.

Estes libros poden cambiarse ao longo do curso tendo en conta as dispoñibilidades do centro e a posibilidade ou non da visita das autoras e autores.

1º BACHARELATO

A valoración do rendemento do alumnado cualificado cun máximo de 10 puntos, farase en función da seguinte porcentaxe ponderada:

- A. **Probos obxectivos** (orais ou escritas), como mínimo dúas por avaliación, que servirán para dar conta dos contidos establecidos para esta etapa, isto é, servirán para medir os coñecementos teóricos sobre os bloques de contido que versan sobre aspectos da programación nas esferas literaria, de lingua e sociedade e reflexión gramatical, sen esquecer o uso da lingua oral. Isto supoñerá o **80% da cualificación da materia**.
- B. **Elaboración de redaccións ou comentarios de texto, traballos individuais ou en grupo, así como as intervencións e a participación na aula**. Poderán ser avaliados oralmente e/ou por escrito. É por suposto, neste apartado onde o alumnado adquirirá as destrezas e o ensaio tamén para a proba escrita. Este apartado suporá un **10% da materia**.

A observación directa rexistrárase no caderno de aula atendendo aos seguintes aspectos:

- Atención na aula e participación correcta, e respecto polas opinións alleas, e regras de cortesía...
- Realización de tarefas ordinarias de aula e esforzo diario.
- Emprego do galego espontáneo en intervencións formais.
- Valoración do uso da lingua.

- C. **Lectura**: Lerase como mínimo unha lectura obrigatoria por trimestre que poderá ser avaliada oral ou escrita. O libro supón o **10% da nota global de cada avaliación**.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias do alumnado.

A **non asistencia** a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polo alumnado e/ou proxenitores. Os traballos non se recollerán fóra de prazo.

No caso de sorprenden a un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie durante a realización dunha proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

A **cualificación final da materia** terá como referente único a consecución ou non dos obxectivos programados. Cando as tres avaliacións fosen cualificadas positivamente, é dicir mínimo un 5, a cualificación final do curso será o resultado de realizar a **media aritmética** das tres avaliacións. En ningún caso se considerará aprobada a materia se o alumnado presenta unha ou dúas avaliacións suspensas e non recuperadas na avaliación seguinte. Ter tres avaliacións suspensas antes da *Recuperación final* implicaría ir á Convocatoria extraordinaria de setembro.

► Recuperacións

A avaliación da materia de 1º Bacharelato é **acumulativa**. Non se realizará unha proba de recuperación de contidos ao finalizar cada avaliación, xa que se tratan de contidos progresivos e non se considera oportuna esta proba. Realizarase unha recuperación final, á cal poderá presentarse aquel alumnado que teña unha avaliación ou dúas suspensas e a media aritmética non lle dea para aprobar. Ter as tres avaliacións suspensas implica ir á proba extraordinaria de setembro.

En todas as probas e traballos se valorará a **expresión, tanto oral coma escrita**, de acordo cos seguintes parámetros, reservándose unha parte da nota para valorar estes aspectos: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado...), coherencia (aporte da información precisa, estrutura clara e parágrafos ben estruturados), cohesión (uso axeitado da puntuación, das conxuncións e

enlaces, pronomes anafóricos...), corrección gramatical (ortografía, sintáctica e léxica) e variación (complexidade sintáctica, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos). Isto ten como fin que o alumnado tome conciencia da importancia da corrección lingüística tanto oral coma escrita. De aí que sobre a cualificación se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos polos seguintes erros:

- **Moi graves:** aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, castelanismos, mal colocación de pronomes...) 0,2 puntos menos por cada.
- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b, v,...h, y...) acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos por cada.
- **Leves:** solucións gramaticais alleas ao establecido pola norma como acentuación non diacrítica... 0,05 menos por cada.

A **convocatoria extraordinaria de setembro** consistirá nunha única proba escrita que versará sobre a totalidade dos contidos enunciados na programación xunto cos criterios establecidos durante o curso, e requirirá a obtención da cualificación de cinco (5) sobre 10 para aprobar a materia.

5.6. Libros de lectura.

1ª Avaliación	<i>Infamia</i> de Ledicia Costas . Ed. Xerais	Antoloxía poética (Idade Medieval) Elaboración propia
2ª Avaliación	<i>O paraíso dos inocentes</i> de Antón Riveiro Coello . Ed. Galaxia ou <i>Beleza vermella</i> de Arantza Portabales . Ed. Galaxia	Selección de textos ensaísticos e xornalísticos (Actualidade)
3ª Avaliación	<i>Comedia bífida</i> de Manuel Núñez Singala . Ed. Galaxia.	Antoloxía literaria (Rexurdimento) Elaboración propia

Estes libros poden cambiarse ao longo do curso tendo en conta as dispoñibilidades do centro e a posibilidade ou non da visita das autoras e autores.

2º BACHARELATO

A valoración do rendemento do alumnado cualificado cun máximo de 10 puntos, farase en función da seguinte porcentaxe ponderada:

A. **Probos obxectivos** (orais ou escritas), como mínimo dúas por avaliación, que servirán para dar conta dos contidos establecidos para esta etapa. Isto é, servirán para medir os coñecementos teóricos sobre os bloques de contido que versan sobre aspectos da programación nas esferas literaria, de lingua e sociedade e reflexión gramatical, sen esquecer o uso da lingua oral. Isto suporá o **80% da cualificación da materia**. Non se poderá deixar en branco ningunha pregunta do exame –en especial os contidos de Lingua e sociedade e os de literatura.

B. **Elaboración de redaccións ou comentarios de texto, traballos individuais ou en grupo, así como as intervencións e a participación na aula.** Serán avaliados por escrito. As intervencións espontáneas na aula (debates...) serán avalidades –de ser o caso– mediante a observación directa, rexistros e/ou rúbricas. Dado que o alumnado ten a obriga de asistir á aula consideramos que a súa participación durante as diferentes sesións ten que ser motivo de avaliación. Ademais é a única maneira de poder avaliar algúns estándares que non entrarían en ningunha das probas anteriores. E é por suposto, neste apartado onde o alumnado adquirirá as destrezas e o ensaio tamén para a proba escrita. Este apartado suporá un **10% da materia**.

A observación directa rexistrarase no caderno de aula atendendo aos seguintes aspectos:

- Atención na aula e participación correcta, e respecto polas opinións alleas, e regras de cortesía...
- Realización de tarefas ordinarias de aula e esforzo diario.
- Emprego do galego espontáneo en intervencións formais.
- Valoración do uso da lingua.
- Intervención na aula espontaneamente e/ou guiada, a través de a realización de debates..

C. **Lectura:** Lerase como mínimo unha lectura obrigatoria por trimestre que poderá ser avaliada oral ou escrita ou por medio dun traballo, en función das destrezas que en cada grupo ou alumnado en concreto sexa pertinente mellorar ou afianzar. O libro supón o **10% da nota global de cada avaliación**.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias do alumnado.

A **non asistencia** a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polo alumnado e/ ou proxenitores.

No caso de sorprenden a un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie durante a realización dunha proba, esta será retirada.

A cualificación final da materia terá como referente único a consecución ou non dos obxectivos programados. Cando as tres avaliacións fosen cualificadas positivamente, é dicir mínimo un 5, a cualificación final do curso será o resultado de realizar a **media aritmética** das tres avaliacións trimestrais. En ningún caso se considerará aprobada a materia se o alumnado presenta unha ou dúas avaliacións suspensas e non recuperadas. Ter tres avaliacións suspensas antes da *Recuperación final* implicaría ir á proba Extraordinaria de setembro

En todas as probas e traballos se valorará a **expresión, tanto oral coma escrita**, de acordo cos seguinte parámetros, reservándose unha parte da nota para valorar estes aspectos: adecuación

(presentación correcta, rexistro apropiado...), coherencia (aporte da información precisa, estrutura clara e parágrafos ben estruturados), cohesión (uso axeitado da puntuación, das conxuncións e enlaces, pronomes anafóricos...), corrección gramatical (ortografía, sintáctica e léxica) e variación (complexidade sintáctica, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos). Isto ten como fin que o alumnado tome conciencia da importancia da corrección lingüística tanto oral coma escrita. De aí que sobre a cualificación se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos polos seguintes erros:

- **Moi graves:** aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, castelanismos, mal colocación de pronomes...) 0,2 puntos menos por cada.
- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b, v,...h, y...) acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos por cada.
- **Leves:** solucións gramaticais alleas ao establecido pola norma como acentuación non diacrítica... 0,05 menos por cada.

► **Recuperacións**

A avaliación da materia de 2º Bacharelato é acumulativa e algunhas probas seguen o modelo da ABAU antiga. Non se realizará unha proba de recuperación de contidos ao finalizar cada avaliación, xa que se tratan de contidos progresivos e non se considera oportuna esta proba. Realizarase unha recuperación final no mes de maio, á cal poderá presentarse aquel alumnado que teña unha avaliación ou dúas suspensas e a media aritmética non lle dea para aprobar. Ter as tres avaliacións suspensas implica ir á Convocatoria extraordinaria.

A **convocatoria extraordinaria** consistirá nunha única proba escrita que versará sobre a totalidade dos contidos enunciados na programación xunto cos criterios establecidos durante o curso, e requirirá a obtención da cualificación de cinco (5) sobre 10 para aprobar a materia.

6.6. Libros de lectura obrigatoria.

1ª Avaliación. Lectura dunha obra de narrativa a escoller:

- **Berta Dávila**, *O derradeiro libro de Emma Olsen*. Ed. Galaxia, e *O derradeiro libro de Emma Olsen*, novela gráfica de **Pablo Prado** e **Berta Dávila**. Ed. Galaxia 2020
- **Carlos Meixide**, *Camiño de paixóns*. Ed. Galaxia. 2019
- **Daniel Asorey**, *Nordeste*. Ed. Galaxia, 2016
- **Arantza Portabales Santomé**, *Beleza vermella*. Ed. Galaxia, 2019
- **Narcos** de Carlos G. Reigosa. Ed. Xerais, 2001
- **Calveiro, Marcos**, *Settecento*, Ed. Xerais. 2010.

2ª Avaliación. Lectura dun libro poético clásico.

Neste segundo trimestre lerase poesía. Haberá que facer un traballo do primeiro –Poetizate– e logo escoller un poema dos outros tres e analízalo.

- *Poetizade* de **Fran Alonso**. Ed. Xerais. 2006
- *Na noite estrelecida* de **Ramón Cabanillas**. Ed. Xerais, 1926
- *Longa noite de pedra* de **Celso Emilio Ferreiro**. Ed. Xerais, 1962
- *Con pólvora e magnolias* de **X. L. Méndez Ferrín**. Ed. Xerais, 1976

3º TRIMESTRE. Lectura de teatro e/ou clásico.

- *Outra idea de Galicia* de Miguel Anxo Murado. Ed. Debate. 2013
- *En galego, por que non?* Manuel Núñez Singala. Ed. Galaxia. 2015
- *A fiestra valdeira*, **Rafael Dieste**. 1927
- *O incerto señor don Hamlet* de **Álvaro Cunqueiro**, 1959. Ed. Galaxia
- **Álvaro Cunqueiro**, *Merlín e familia*. Ed. Galaxia

REVISIÓN e MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE 2º BACHARELATO

Reunido o Departamento, a xefa informa da necesidade de revisar e modificar en parte os criterios de cualificación de 2º Bacharelato por mor do comezo do curso un mes máis tarde, así como verse reducido temporalmente o 3º trimestre -28 días- ao que se lle engade varios festivos (14 de maio - día escollido polo IES- e 17 maio). Segundo o anterior é inviable realizar unha proba final como estaba establecida nos criterios de comezo de curso, polo tanto elimínase esta proba final e modifícanse os criterios de cualificación, onde a nota final do curso será o resultado da media ponderada - e non aritmética- das tres avaliacións quedando da seguinte maneira: 1ª. avaliación (30%) 2ª avaliación (30%) e 3ª avaliación (40%).

Aprobado en acta de 26 de abril de 2021

LECTURAS RECOMENDADAS DE LECTURA

- **Aneiros, Rosa**, *Sol de inverno*, Ed. Xerais.
- **Arantza Portabales**, *Sobrevivindo*. Ed. Galaxia, 2015
- **Blanco Amor, E.** *A esmorga, 1959*. Ed. Galaxia.
- **Casares, Carlos.** *Vento ferido*. Ed. Galaxia
- **Dieste, Rafael.** *Dos arquivos do trasno*. Ed. Galaxia
- **Cajaraville Héctor**, *De remate*. Ed. Xerais. 2015
- **Feijoo Barreiro, Pedro**, *Os fillos do mar*. Ed. Xerais. 2012
- **Fernández Paz, Agustín:** *Non hai noite tan longa*. Ed. Xerais.
- **Freixanes, Victor F.** *Cabalo de ouros*. Ed. Galaxia. 2010
- **Fole, Ánxel.** *Á lus do cándil*. 1952
- **Casares, Carlos**, *Os mortos daquel verán*, 1987. Ed. Galaxia.
- **Casares, Carlos.** *Vento ferido*, 1967. Ed. Galaxia.
- **Castro Francisco**, *Amor é unha palabra coma outra calquera*. Ed. Galaxia. 2016
- **Miranda, Xosé.** *Morning Star*. Ed. Xerais.
- **Murado, Miguel-Anxo**, *Mércores de cinza*. Ed. Galaxia
- **Moure, Teresa.** *Herba moura*. Ed. Xerais
- **Navaza, Gonzalo.** *Erros e Tánatos*. Ed. Xerais, 1996
- **Reigosa G. Carlos.** *A lei das ánimas*. Ed. Galaxia. 2010
- **Reigosa G. Carlos**, *Crime en Compostela*. 1984
- **Rivas, Manuel.** *Que me queres, amor?* Ed. Galaxia.
- **Riveiro Coello, Antón.** *Laura no deserto*. Ed. Galaxia. 726 páxs.
- **Sende, Sechu.** *Made in Galiza*. Ed. Galaxia
- **Toro, Suso de.** *Círculo*. Ed. Xerais.
- **Toro, Suso de.** *Polaroid*. Ed. Xerais
- **Manuel Esteban**, *A ira dos mansos*. Ed. Xerais, 2016
- **María Reimóndez**, *O club da calceta*. Ed. Xerais, 271 páxs.
- **Ricardo Carvalho Calero**, *Scórpido*. Ed. Através. 1987
- **Manuel Núñez Singala**, *Planificación estratéxica*. Edicións Laiovento, 2008. Teatro.

Traducións:

Herman Hesse. *Siddharta*. Ed. Galaxia.

George Orwel. *A revolta dos animais*.

George Orwell. 1984. *Faktoria K*. Ed. Kalandraka.

Patrick Süskind. *O perfume*. Ed. Sotelo Blanco.

Franz Kafka. *A metamorfose*. Ed. Sotelo Blanco.

Mark Haddon. *O curioso incidente do can á media noite*. Ed. Rinoceronte.

Marjane Satrapi, *Persépole*. Ed. Rinoceronte.

Alessandro Baricco. *Seda*. Ed. Rinoceronte.

Sandra Cisneros, *A casa de Mango Street*. Ed. Rinoceronte.

Philippe Claudel. *A neta do señor Linh*. Ed. Rinoceronte.

As notas trimestrais cualifícanse segundo os seguintes criterios na convocatoria de xuño:

A. Tarefas. 100%

En cada unha das tarefas o alumnado recibirá o **100%** da cualificación se entrega en **forma e prazo**. O alumnado que entregue en forma mais **fóra de prazo** mais dentro do prazo sinalado como límite para cada trimestre recibirá o **50%** da cualificación correspondente. Unha tarefa non será cualificada mentres non cumpra os requisitos de forma a súa entrega.

Para obter a cualificación de aprobado –5 sobre 10– na convocatoria de xuño deben estar realizadas **todas** as entregas **antes** do **15 de xuño de 2020** sinalado como **límite**.

A **convocatoria extraordinaria** de setembro versará sobre os contidos estudados ao longo de todo o curso. As tarefas supoñen o 100% da nota.

► Promoción.

O alumnado promociona coa materia aprobada cando consegue unha cualificación de 5 puntos sobre 10 tanto na convocatoria de xuño como na de setembro.

ORATORIA

A cualificación final da avaliación obtérase a partir das seguintes porcentaxes:

A) **70%** Probas individuais e/ou grupais espontáneas e/ou planificadas das tarefas semanais (participación nas tarefas, debates, coloquios, exposicións...), interese cara á materia e interese por aprender, aspectos actitudinais (respecto pol@s compañeir@s e polo profesorado, colaboración nos traballos en grupo, grao de formalidade como orador e espectador, e respecto polas quendas.

B) **30% Tarefa final de exposición na aula** En cada unha das tres avaliacións realízase un traballo na aula, individual ou en grupos, de exposición **oral planificada**.

- O alumnado deberá axustarse ás datas previstas das probas obrigatorias, e as pautas establecidas, e no caso de non asistir deberá presentar xustificante formal.
- A avaliación será **continua** e **acumulativa**, o que implica que o alumnado ten que demostrar as competencias clave e os graos mínimos para superar a materia ao final do curso.

Para obter o aprobado, o alumnado deberá acadar, unha vez aplicados os instrumentos de avaliación, a nota de 5 sobre 10.

A media final será o resultado da ponderación das tres avaliacións tal como segue: 1.^a avaliación (30%), 2.^a avaliación (30%) e 3.^a avaliación (40%).

Procedemento de avaliación extraordinaria

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** realízase unha única proba oral e/ou escrita que versará sobre os contidos traballados ao longo do curso. Para obter o aprobado terase que acadar un 5 sobre 10.

PENDENTES

A atención ao alumnado coa materia de Lingua galega e Literatura pendente de cursos anteriores será coordinada pola xefa de departamento, mais a tarefa de seguimento debe ser colectiva e implicar á totalidade do departamento.

No caso de materias pendentes, ademais das convocatorias parciais, o alumnado poderá presentarse á convocatoria extraordinaria do mes de maio e/ou de setembro cuxas datas serán fixadas pola dirección do centro, a través da xefatura de estudos.

O profesorado que imparta a materia no curso no que estea o alumnado pendente levará a cabo as funcións de observar as actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumno/a en relación con dito curso; e de aclararlle todo tipo de dúbidas necesarias. Ademais de atender ao alumnado no día a día coa coordinación do profesorado dos niveis implicados. De xeito máis concreto atenderase ao alumnado que así o requira os venres durante o 2º recreo.

► Pendentes na ESO

De acordo co Decreto 86/2015 do 25 de xuño, cómpre que a avaliación das aprendizaxes do alumnado coa materia pendente siga un plan de traballo e sexa coordinada para que non se reduza á realización das probas establecidas. Para iso, este Departamento fixa as seguintes pautas de actuación:

O profesor/a que imparte a materia no curso que actualmente está o alumno/a será o encargado de:

- Informar ao alumnado de como pode recuperar a pendente.
- Facer a observación e o seguimento das actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumnado en relación co curso no que está actualmente.
- Proporcionarlle todo o material necesario elaborado polo departamento e clarificar calquera tipo de dúbidas que vaian xurdindo.

O alumnado poderá conseguir o aprobado por medio destas diferentes vías:

- a) O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO terá superada a materia do curso anterior se aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual.
- b) O alumnado de 4º ESO terá dúas opcións para superar a materia: realizar un único exame en febreiro e/ ou superar o exame final de maio.
- c) Superar o **exame final** (maio) para todos.
- d) Superar a **convocatoria extraordinaria de setembro** de pendentes. Nesta convocatoria extraordinaria de setembro: no caso de superar a materia no curso actual, automaticamente aproba a do curso pendente.

► **Alumnado con ACI:** O alumnado con ACI pendente superará a ACI do curso anterior se supera os obxectivos establecidos na ACI actual, o cal non indica que aprobe o nivel correspondente. Para aprobar o nivel correspondente deberá presentarse ás probas extraordinarias do nivel que se trate.

► **Para o alumnado do PMAR** rexen os mesmos criterios que para o resto do alumnado. No caso de non ter aprobadas as dúas primeiras avaliacións ou a derradeira de PMAR, terán valor as notas obtidas en cada unha das materias pendentes que conforman o ámbito sociolingüístico. Por isto, e para evitar contradicións e posibles confusións, debe haber unha consonancia temporal na avaliación de pendentes e na de ámbito, así como unha consonancia de criterios nas materias de cada ámbito.

- Respecto aos pendentes do ámbito de 2º, será o departamento e o titular do ámbito sociolingüístico de 3º quen elabore o material de repaso e o exame de pendentes, sempre de acordo e en consonancia cos restantes departamentos do ámbito. Neste caso, este ano correspóndelle ao Departamento de Lingua Castelá.

► **Pendientes de Bacharelato**

Evidentemente que serán informados dos contidos, entregáraselle un documento cos contidos e modelo de exame; así como se lle resolverá calquera dúbida que teñan.

Terán dúas opcións:

- a) **Só unha proba.** No mes de febreiro, ou un exame único final no mes de maio. (aprox. 6 de maio).
- b) **Por avaliacións:** Dividiremos a materia pendente en dúas partes, co fin de facer a tarefa máis doada, da primeira parte parte realizarán unha proba conxunta a mediados de xaneiro (datas aprox. 18, 19 e 20 de xaneiro) e a segunda será no mes de abril (data aprox. 13, 14 e 15 de abril). De escoller están opción e non aprobar aínda teñen dereito á proba final no mes de maio.

O alumnado que non acadase cualificación positiva en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro para poder acadar os mínimos exisibles para aprobar a materia.

► **Probas extraordinarias de setembro, pendentes de ESO e Bacharelato. Criterios de avaliación.**

De haber alumnado coa materia pendente na convocatoria extraordinaria de setembro, estes realizarán o exame na data fixada pola xefatura de estudos.

Canto aos criterios de cualificación o exame terá un valor de 10 puntos e recollerá os diferentes bloques de contido, coas súas respectivas porcentaxes acordadas para a convocatoria extraordinaria de setembro nos cursos ordinarios.

Para a cualificación de setembro só se terá en conta a realización do exame na convocatoria extraordinaria, sexa en xuño (caso do alumnado de 2º de bacharelato) ou en setembro, o resto do alumnado. Para aprobar deberá obter un 5 sobre 10.

CURSO - NIVEIS	INDICACIÓNS E DATAS
ESO	<p>Opcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO terá superada a materia do curso anterior se aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual. b) O alumnado de 4º ESO terá dúas opcións para superar a materia: realizar un único exame en febreiro e/ ou superar o exame final de maio. c) Superar o exame final (maio) para todos. d) Superar a convocatoria extraordinaria de setembro de pendentes. Nesta convocatoria extraordinaria de setembro: no caso de superar a materia no curso actual, automaticamente aproba a do curso pendente.
PMAR	<ul style="list-style-type: none"> a) O alumnado deberá aprobar todo o Ámbito lingüístico-social do curso actual (3º PMAR) para superar a materia de Lingua galega e Literatura do curso anterior.
ACI	<p>Alumnado con ACI: O alumnado con ACI pendente superará a ACI do curso anterior se supera os obxectivos establecidos na ACI actual, o cal non indica que aprobe o nivel correspondente. Para aprobar o nivel correspondente deberá presentarse ás probas extraordinarias do nivel que se trate e/ou supera o curso se aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual.</p>
BACHARELATO	<p>Terán dúas opcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Só unha proba. No mes de febreiro, ou un exame único final no mes de maio. (aprox. 6 de maio). b) Por avaliacións: Dividiremos a materia pendente en dúas partes, co fin de facer a tarefa máis doada, da primeira parte parte realizarán unha proba conxunta a mediados de xaneiro (datas aprox. 14, 15 e 16 de xaneiro) e a segunda será no mes de abril (data aprox. 14, 15 e 16 de abril). De escoller están opción e non aprobar aínda teñen dereito á proba final no mes de maio. <p>O alumnado que non acadase cualificación positiva en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro para poder acadar os mínimos exisibles para aprobar a materia.</p>
ITI	<p>O alumnado coa materia pendente terá que superar unha proba que verse sobre os contidos da materia que aparecen xa na ficha para a guía da convocatoria extraordinaria de setembro.</p> <p>O alumnado superará a materia sempre e cando supere a cualificación de 5 puntos sobre 10.</p>

CONTIDOS MÍNIMOS

CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA DE 1º ESO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Libro de texto: 1º ESO Lingua e Literatura. Ed. Xerais.

* TIPOLOXÍA TEXTUAL

Textos literarios e non literarios (páxs. 16-17)

- Características: finalidade, linguaxe, vocabulario e tipos.

Xéneros literarios: narrativo, dramático e lírico. (páxs. 16-17)

- Características dos tres xéneros.

Xéneros xornalísticos (páxina 80). A noticia (páxina 80-81)

A descrición obxectiva e subxectiva de cousas e espazos (páxs. 98-99)

- Clasificar unha descrición en obxectiva ou subxectiva.
- Indicar as súas características xustificando con palabras do texto.

* Léxico do libro:

- Instituto (páxs. 20-21)
- Os animais (páxs. 44-45)
- Oficios e profesións (64-65)
- O corpo humano (páxs. 84-85)
- A vestimenta (páxs. 102-103)
- As novas tecnoloxías (páxs. 122-123)
- Os medios de transporte (páxs. 140-141)
- Coidamos o medio (páxs. 160-161)
- O deporte (páxs. 176-177)

*O léxico pódese preguntar directamente mediante definicións para que se indique a palabra ou expresión, dar un sinónimo e/ou antónimo ou ter que realizar unha oración coa palabra dada na que se demostre que se coñece o seu significado (sen definila).

* GRAMÁTICA

Clasificación de enunciados segundo a intención comunicativa (páx. 26)

O alfabeto (páxs. 28-29)

O substantivo (páxs. 46-47)

- Xénero e número. Exercicios de xénero e número

Adxectivo (páxs. 48-49)

- Identificar adxectivos explicativos e especificativos en textos dados

Regras de acentuación ortográfica (páxs. 70-71)

O acento diacrítico (páxs. 88-89)

A sílaba (páxs. 50-51)

- Dividir unha palabra en sílabas – subliñar os ditongos – rodear os hiatos – colocar o acento gráfico – clasificar en aguda, grave e esdrúxula – xustificar por que leva acento gráfico ou non, acentuar un texto.

Os determinantes (páxs. 68-69)

- Clasificar uns determinantes dados indicando o tipo e subtipo.

*** Sociolingüística (páxs. 22-23, 66-67 e 104-105)**

- Que é unha familia lingüística?
- De que familia lingüística procede a lingua galega?
- Que outras linguas coñeces que procedan da mesma familia?
- Tipos de persoas segundo o seu coñecemento de linguas: monolingüe / políglota ou multilingüe (bilingüe, trilingüe)
- Que é unha lingua minorizada?
- Que é unha lingua dominante?
- Onde se fala galego?
- Que é a lusofonía? Onde se fala portugués?
- Por que son oficiais en Galicia o galego e o castelán?
- Que di o punto 5.3 do Estatuto de Autonomía?
- De onde son oficiais o galego, catalán, éuscaro e aranés?

*** Grafías:** páxinas 79, 108-109, 126-127, 173

A proba terá a seguinte estrutura:

- I. Comprensión lectora.
- II. Léxico.
- III. Ortografía.
- IV. Lingua e sociedade.
- V. Gramática.
- VI. Expresión escrita.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA DE 2º ESO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Libro de texto: 2º ESO Lingua e Literatura. Ed. Xerais.

* TIPOLOXÍA TEXTUAL

- As noticias: titulares e portadas (páxs. 16 e 17)
- A narración: textos narrativos, descritivos e dialogados (páxs. 36-37)
- O diario, os blogs e a carta persoal. (páxs. 56 e 57)
- Os textos poéticos (páxs. 76 - 77)
- As solicitudes. (páxs. 96 e 97)
- Os textos expositivos. O folleto. (páx. 116 e 117)

* Léxico do libro:

- A casa por dentro (páxs. 20-21)
- A alimentación (páxs. 40 -41)
- A diversidade social e cultural e a paz. (páxs. 60-61)
- A música (páxs. 80 - 81)
- O noso contorno (páxs. 100 -101)
- A radio e a televisión. (páxs. 120 -121)
- O cine e o teatro. (páxs. 142 -143)
- O parentesco. (páxs. 160 -161)
- O tempo cronolóxico. (páxs. 178 -179)

*O léxico pódese preguntar directamente mediante definicións para que se indique a palabra ou expresión, dar un sinónimo e/ou antónimo ou ter que realizar unha oración coa palabra dada na que se demostre que se coñece o seu significado (sen definila).

* GRAMÁTICA

- Formación de palabras. Analizar morfoloxicamente, é dicir separar en lexemas e morfemas...(páxs. 24-25)
- Prefixos e sufixos. (páxs. 44-45)
- O substantivo. O xénero e o número. (páxs. 64-65)
- O adxectivo. O grao do adxectivo. Xentilicios. (páxs. 84-85)
- O verbo. (páxs. 104-105)
- Sintaxe. A frase. Definición e clasificación. (páxs. 124-125)
- A cláusula. Definición e clasificación. (páxs. 146-147)
- As funcións sintácticas. Suxeito, predicado, CD, CI, CC, etc. (páxs. 164-165 e 182-183)

* LINGUA E SOCIEDADE

- Que é a lusofonía? Onde se fala portugués? (páxs. 22-23)
- Que é unha lingua minorizada? Que é unha lingua minoritaria? (páxs. 42-43)
- A normalización. (páxs.62-63)
- Os prexuízos lingüísticos. (páxs. 82-83)

- O galego no ámbito local. Os servizos de normalización lingüística. Toponimia e antroponimia (páxs. 102-103)
 - O galego na súa contorna. A transmisión lingüística. (páxs. 122-123)
 - Como falamos? Os rexistros da fala. (páxs. 162-163)
 - A variedade estándar. (páxs. 180-181)
- * **Grafías:** páxinas 66, 67; 86 -87; 106-107.
- * **Acentuación e puntuación.** páxinas: 126-127; 148-149; 166-167; 184-185.

A maiores haberá que dominar certas técnicas e/ou destrezas básicas: resumir, saber facer un esquema, dar sinónimos, antónimos, definir, formar familias léxicas e campos semánticos, etc.

A proba terá a seguinte estrutura:

- I. Comprensión lectora.
- II. Léxico.
- III. Ortografía.
- IV. Lingua e sociedade.
- V. Gramática.
- VI. Expresión escrita.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA DE 3º ESO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Libro de texto: 3º ESO Lingua e Literatura. Ed. Xerais.

* TIPOLOXÍA TEXTUAL

- A narración. Estrutura, voz e punto de vista (páx. 22-23)
- A descrición. (páx. 46 - 47)
- A noticia (páx. 72 -73)
- A reportaxe (páx. 100-101)
- A entrevista (páx. 184-185)
- O diálogo (páx.130-131)
- Actas, regulamentos e convocatorias (páx. 156-157)

* FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Análise morfolóxica e clases de palabras (páx. 30-31)
- O substantivo. Morfoloxía e funcións (páxs.54-57)
- O adxectivo. Morfoloxía e funcións. (páx. 82-85)
- Os determinantes. (páx.108-111)
- O pronomes persoais. (páx.138-141)
- O verbo, perífrases verbais. (páxs.166-169; 192-195)

* LÉXICO

- Relacións semánticas. O dicionario.
- A saúde e a sanidade.
- O tempo metereolóxico.
- As árbores.
- O libro e as bibliotecas.
- As novas tecnoloxías.
- Os peixes.
- Os sentidos e a acción.
- As vacacións.

* LINGUA E SOCIEDADE

- A nosa lingua. A lusofonía (páx.28-29)
- Historia social da lingua galega (páx.52-53; 106-107; 164-165)
- Linguas en contacto: bilingüismo e diglosia. (páx.80-81)
- Os prexuízos lingüísticos. (páx.136-137)
- A normalización lingüística. Lexislación. (páx.190-191)
- Alternancia e mestura de códigos. (páx. 246-247)

* LITERATURA

- As cantigas medievais. A cantiga de amigo, de amor e de escarnio e maldicir (páxs.12-17; 38-41; 64-67)
- Os Séculos Escuros (páx. 92-95)
- O Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal (páxs.118-125; 148-151; 176-179)

A maiores haberá que dominar certas técnicas e/ou **destrezas básicas**: resumir, saber facer un esquema, dar sinónimos, antónimos, definir, formar familias léxicas e campos semánticos, saber opinar etc. E repaso de **ortografía e acento** (o alfabeto, grupos consonánticos, regras de acentuación, o til diacrítico, uso de maiúsculas e minúsculas).

A proba terá a seguinte estrutura:

- I. Comprensión lectora.
- II. Léxico.
- III. Ortografía.
- IV. Lingua e sociedade.
- V. Funcionamento da lingua
- VI. Expresión escrita.

CONTIDOS MÍNIMOS DO LIBRO PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º BACHARELATO

Libro de texto: 1º Bacharelato. Lingua e Literatura. Ed. Xerais.

UNIDADE 1.

- ▶ **Lingua e sociedade:** As linguas como sistemas de comunicación. A comunicación da linguaxe. Elementos do proceso comunicativo. Funcións da linguaxe.
- ▶ **Estudo da lingua.** As disciplinas lingüísticas.
- ▶ **Léxico e semántica.** Relacións de significado. Relacións semánticas. Campo semántico. Hiponimia, hiperonimia...

UNIDADE 2.

- ▶ **Reflexión sobre o texto.** A narración (páx. 29)
- ▶ **Lingua e sociedade:** As funcións sociais da lingua. Bilingüismo, conflito e diglosia. (da páx. 30 a 33)
- ▶ **Estudo da lingua:** A morfoloxía e a sintaxe (páx. 35)
- ▶ **Léxico e semántica:** Prefixos (páx. 36) sufixos (páx. 37)

UNIDADE 3

- ▶ **Lingua e sociedade.** O galego e a súa historia. Período de formación. As orixes. (da páx. 44 ata 49)
- ▶ **Estudo da lingua.** O substantivo. Xénero e número. Análise morfolóxica. (da páx. 50 ata 55)
- ▶ **Léxico e semántica.** Voces patrimoniais, semicultismos e cultismos. (páx. 56 e 57)

UNIDADE 4

- ▶ **Reflexión sobre o texto.** O texto descritivo.
- ▶ **Estudo da lingua.** O adxectivo (da páx.68 ata 70)
- ▶ **Léxico e semántica.** Familias léxicas regular e irregular. (páx. 72 e73)

UNIDADE 5

- ▶ **Reflexión sobre o texto.** Texto expositivo-informativo (páx. 78)
- ▶ O galego e a súa historia: o galego medio, do século XVI ao XVIII (páx. 80 ata 83)
- ▶ **Estudo da lingua.** O pronome persoal. (da páx. 84 ata 89)
- ▶ **Léxico e semántica.** Léxico estándar e desviacións da norma. (páx. 90 e 91)

UNIDADE 6

- ▶ **Reflexión sobre o texto.** Texto argumentativo (páx. 96)
- ▶ O galego e a súa historia. O galego moderno (páx. 98 ata 101)
- ▶ **Estudo da lingua.** Artigo, demostrativo, posesivo...(da páx.102 ata 107)

UNIDADE 7

- ▶ **Estudo da lingua.** O verbo (da páx. 120 ata 123)

UNIDADE 8

- ▶ **Lingua e sociedade.** Linguas minorizadas e minoritarias. (páx. 133, 134)
- ▶ **Estudo da lingua.** Alternancias vocálicas do verbo (da páx. 136 ata 139)
- ▶ **Léxico e semántica.** Préstamos. (páx. 140,141)

UNIDADE 9

As linguas da Península Ibérica (páx. 148 a 151)

- ▶ **Estudo da lingua.** Formas nominais do verbo. Perífrases. (da páx. 152 ata 156)

UNIDADE 10

- ▶ **O portugués e a lusofonía.** (páx. 166 a 169)

UNIDADE 14

A LÍRICA MEDIEVAL: A CANTIGA DE AMIGO E A CANTIGA DE AMOR.

- O contexto histórico do reino medieval.
- O espectáculo trobadoresco.
- Figuras. Autores e intérpretes.
- Os cancioneros.

A CANTIGA DE AMIGO

- Orixes.
- Características xenéricas
- A forma da cantiga de amigo. Recursos formais (leixaprén, paralelismo, refrán)
- A temática das cantigas de amigo.
- Subxéneros temáticos das cantigas de amigo.
- Personaxes da cantiga de amigo.

A CANTIGA DE AMOR

- O código do amor cortés.
- Os temas da cantiga de amor.

UNIDADE 15

- A CANTIGA DE ESCARNIO E MALDICIR (páx. 257)
- Ciclos temáticos (páx. 258)
- Os xéneros menores: a pastorela, o pranto, a tenzón. (páxs. 259 e 260)

UNIDADE 19

O Rexurdimento. Rosalía de Castro.

UNIDADE 20

Eduardo Pondal

Manuel Curros Enríquez

Como recuperar a materia?

Terán dúas opcións:

- a) **Só unha proba.** Realizar un exame único final no mes de febreiro e/ou en maio. (data aprox. 6 de maio)
- b) **Por avaliacións:** Dividemos a materia pendente en dúas partes, co fin de facer a tarefa máis doada, da primeira parte parte realizarán unha proba conxunta a mediados de xaneiro (datas aprox.: 14, 15 e 16 de xaneiro) e a segunda será no mes de abril (datas aprox. 2, 3, 4 de abril). De escoller esta opción e non superar a materia, aínda teñen dereito á proba final no mes de maio.

Por parciais a materia quedará dividida así:

- 1º EXAME. (Unidades 1, 2, 3, 4 e 5), máis literatura medieval (unidades 14 e 15)
- 2º EXAME. (Unidades 6, 7, 8, 9 e 10), máis O Rexurdimento (unidades 19 e 20)

O exame poderá constar dun texto con preguntas do tipo:

- Resume o texto.
- Tema e título.
- Dá sinónimos, antónimos, define...
- Comenta o seguinte fragmento.
- Elabora un texto que teña que ver coa tipoloxía textual estudada...

A maiores o exame contará preguntas teóricas que terán que ver cos contidos sinalados anteriormente (breves e para redactar -200 palabras aprox.-).

E unha parte práctica de gramática.

Análise morfolóxica.

Ademais poderá haber preguntas relacionadas coa ortografía e o acento. O til diacrítico.

CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE DE ITI

A proba de pendentes constará dun exame escrito con 10 preguntas extraídas entre as seguintes:

1. O alumnado na proba de pendentes deberá saber dar resposta axeitada ás seguintes cuestións:
2. Indica dúas formas diferentes formas de conseguir información na Idade Media, en 1960 e en 2019.
3. Que é unha rede social?
4. Indica 5 vantaxes e 5 desvantaxes da utilización das redes sociais.
5. Que operador debemos utilizar nun buscador se queremos atopar páxinas que conteñan **vacacións** e **verán**, ou unha soa destas dúas palabras?
6. Que operador teño que utilizar nun buscador se quero atopar páxinas que inclúan a palabra **Deportivo** pero que exclúa aquelas que conteñan a palabra **Coruña**.
7. Indica o nome de tres buscadores diferentes.
8. Como buscas unha palabra concreta dentro dun blog ou dunha web?
9. Como buscarías un documento .doc coa palabra festa?
10. Indica que partes podemos atopar na entrada dun dicionario e para que serve cada unha.
11. Explica a diferenza entre glosario, enciclopedia e dicionario.
12. Indica catro tipos diferentes de dicionario (non poden ser dicionarios de diferentes linguas).
13. Se dicimos que un dicionario ofrece nas entradas a etimoloxía das palabras, de que estamos a falar?
14. Cal é a diferenza entre busca avanzada e busca simple nun dicionario en liña?
15. Indica tres formas de busca que che permita a busca avanzada que non podes realizar coa busca simple.
16. Indica os 5 criterios que che permiten recoñecer webs fiables.
17. Que é o dereito de autoría?
18. Que é unha licenza Creative Commons? Cal é o seu símbolo?
19. Que é o copyright? Que é o copyleft?
20. Que é a atribución (BY)? Cal é o seu símbolo?
21. Que é compartir igual? Cal é o seu símbolo?
22. Que significa non uso comercial? Cal é o seu símbolo?
23. Que significa non obras derivadas? Cal é o seu símbolo?
24. Unha escritora pode ter un libro cunha licenza CC que no permite usos comerciais e ao mesmo tempo asinar un contrato cunha editorial concreta para a súa distribución? Argumenta a túa resposta.
25. Que licenza teño que escoller se non quero que ninguén utilice os meus materiais?
26. Que licenza necesito se quero que o meu traballo sexa recoñecido?
27. Dados os símbolos dalgúns tipos de licenza, explicar o seu significado.
28. É legal utilizar calquera imaxe que atopemos na rede? Por que?
29. Que partes podemos atopar na portada dunha publicación?
30. Como podemos diferenciar na prensa un titular obxectivo dun titular subxectivo.